

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 3 de agosto de 2011, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO**. Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É obxecto deste contrato a prestación do servizo de axuda no fogar

b) Prazo de execución:

O prazo de duración deste contrato é de DOUS ANOS contados desde a súa formalización en documento administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prórroga, por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes que se adoptará con un mes de antelación á finalización do contrato inicial sen que a duración total do contrato incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

Ver cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinario
- b) **Procedimento:** aberto

4.- Tipo de licitación

- a) **Orzamento máximo do Contrato:**

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

MLA/rdi

Refª:SAF 2011

Asunto: anuncio-

O presuposto de licitación calcúlase sobre o prezo/hora de prestación do servizo distinguindo dous tipos de servizos (ordinario e extraordinario), a razón de:

-prezo/hora servizo ordinario: 14,84 €+ Ive (4%) 0,59 euros. Total: 15,43 euros IVE incluído.

- prezo/hora servizo extraordinario: 16,74 €+ IVE (4%) 0,67 euros. Total 17,41 €

Ver cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la**

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

MLA/rdi

Refº:SAF 2011

Asunto: anuncio-

súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 148,46 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 29 de agosto de 2011

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

(Decreto Alcaldía nº 60/2011)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia